

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/20

CENTRO: CEIP CANOSA-RUS

NIVEL: 2º de Educación Primaria

ÁREAS: LC, LG, MT, CN, CS, EP e VSC

DATA: 12 de maio de 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

No Decreto 105/2014, do 4 de setembro, establécense os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliáveis para as diferentes áreas que compoñen o currículo, relacionando estes entre sí, e coas competencias clave e os obxectivos xerais da etapa.

Debido a que a relación entre os diferentes elementos xa queda establecida no currículo, a continuación presentamos unicamente os estándares de aprendizaxe que son considerados mínimos e imprescindibles para superar as diferentes áreas, relacionados coas competencias que avaliará cada un deles.

En **letra grosa contemplamos os estándares que xa foron avaliados nos 1º e 2º trimestres (non se volverán a avaliar)** e en letra normal os que seguirán sendo reforzados e repasados e ampliados no 3º trimestre.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

ÁREA de LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

Estándar de aprendizaxe (mínimo imprescindible)	Competencia clave
LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado ao seu nivel.	CCL
LCB1.5.1. Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social.	CAA
LCB1.9.2. Organiza o discurso cunha secuencia coherente elemental.	CSIEE
LCB2.1.1. Le en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada, diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa idade.	CCL
LCB2.2.1. Identifica o tema dun texto sinxelo.	CAA
LCB4.1.1. Utiliza de xeito guiado categorías gramaticais básicas: o nome, artigo, adxectivo, verbo.	CCL
LCB4.3.1. Utiliza os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos sinxelos.	CCL
LCB4.4.3. Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.	CCL
LCB5.1.1. Valora de forma global, textos propios da literatura infantil: contos, cancións, poesía, cómics, refráns e adiviñas.	CCEC

ÁREA de LINGUA GALEGA E LITERATURA	
Estándar de aprendizaxe (mínimo imprescindible)	Competencia clave
LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.	CAA
LGB 1.3.3. Elabora e produce textos orais sinxelos ante a clase e responde preguntas elementais sobre o seu contido.	CSIEE
LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación.	CD
LGB2.3.2. Le textos sinxelos, en voz alta, coa velocidade adecuada.	CCL
LGB3.1.1. Produce e reescribe textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos.	CAA
LGB3.1.2. Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo.	CSIEE
LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, enunciados, palabras e sílabas.	CCL
LGB4.2.1. Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	CSC
LGB5.1.1. Recrea e reescribe diversos textos literarios sinxelos: contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.	CCEC

ÁREA de CIENCIAS DA NATUREZA

Estándar de aprendizaxe (mínimo imprescindible)	Competencia clave
CNB2.1.1. Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos.	CMCCT
CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.	CCL
CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde.	CSC
CNB3.2.1. Nomea e clasifica, con criterios elementais a partir da observación, seres vivos do seu contorno adoptando hábitos de respecto.	CMCCT
CNB4.1.2. Reduce, reutiliza e recicla residuos na escola.	CSIEE
CNB5.1.2. Coñece os oficios das persoas do seu contorno e valora a importancia de cada profesión, a responsabilidade e a contribución social, evitando estereotipos sexistas.	CSC

ÁREA de CIENCIAS SOCIAIS	
Estándar de aprendizaxe (mínimo imprescindible)	Competencia clave
CSB1.4.1. Identifica terminoloxía propia da área.	CCL
CSB2.1.2. Realiza un uso responsable da auga na súa vida cotiá.	CSC
CSB2.5.3. Coñece e leva á practica accións positivas para a protección do medio natural.	CMCCT
CSB3.4.1. Aмосa unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares.	CSC
CSB3.8.1. Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou como viaxeira e como peón ou peona nos medios de transporte.	CAA
CSB4.3.1. Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo de obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou.	CMCCT
CSB4.4.1. Coñece a importancia que ten a conservación dos restos históricos para entender a historia da vida humana.	CCEC

ÁREA de MATEMÁTICAS	
Estándar de aprendizaxe (mínimo imprescindible)	Competencia clave
MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 999.	CCL
MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.	CMCT
MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados.	CAA
MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados.	CMCT
MTB2.3.3. Resolve operacións de cálculo mental.	CAA
MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.	CMCT
MTB3.6.1. Resolve problemas sinxelos de medida.	CAA
MTB4.5.1. Resolve problemas xeométricos sinxelos que impliquen o dominio dos contidos traballados.	CMCT
MTB4.5.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.	CSIEE

ÁREA de VALORES SOCIAIS E CÍVICOS	
Estándar de aprendizaxe (mínimo imprescindible)	Competencia clave
VSCB1.4.2. Toma iniciativas de actuación durante a colaboración.	CSC
VSCB1.5.1. Participa con interese na resolución de problemas escolares.	CSIEE
VSC2.1.1. Expresar con claridade sentimentos e emocións.	CCL
VSC2.5.2. Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua.	CSIEE
VSC3.2.1. Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.	CAA
VSCB3.3.3. Participa na elaboración das normas da aula.	CSIEE
VSCB3.5.3. Respecta a igualdade de dereitos dos nenos e das nenas no xogo e no emprego dos xoguetes.	CSC

ÁREA de EDUCACIÓN ARTÍSTICA (PLÁSTICA)	
Estándar de aprendizaxe (mínimo imprescindible)	Competencia clave
EPB1.3.2. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as diferentes formas, cores e texturas.	CCEC
EPB2.1.2. Realiza correctamente mesturas de cores primarias.	CAA
EPB2.2.2. Realiza composicións plásticas que representan o mundo imaxinario, afectivo e social.	CSC
EPB2.4.1. Utiliza liñas e formas xeométricas nos debuxos.	CCEC
EPB2.5.1. Debuxa a figura humana e diferencia as principais partes.	CMCCT
EPB2.7.1. Coida o material e respecta as normas preestablecidas.	CSC

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Para o seguimento da aprendizaxe a distancia utilizaremos a recollida sistemática do traballo do alumnado (mediante aplicacións telemáticas) e observación posterior para a súa valoración.
	Instrumentos: Escala de estimación e/o listas de cotexo sobre o documentos entregados semanalmente.
Cualificación final	A avaliación e cualificación do alumno adáptase as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres, así como ás actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, polo que en atención ao criterio de avaliación continúa consignarse a cualificación final coa media das dúas primeiras avaliacións (sen esquecer nunca o carácter continuo da avaliación) podendo ser esa cualificación modificada, sempre en beneficio do alumnado, segundo as condicións e características do traballo desenvolvido desde a suspensión da actividade lectiva presencial nas aulas físicas, e atendendo á adecuación do mesmo, seguimento activo das aprendizaxes e implicación e grao de calidade nas tarefas propostas.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>As actividades que se propoñen semanalmente expóñense na páxina web do centro, en diferentes entradas por nivel e especialidades. Cóllese un documento en pdf e todos se poden consultar aquí: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcanosarus/</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Para o alumnado con conexión continuamos traballando ca ferramenta <i>ClassDojo</i>, recollida na Programación Didáctica de comezo de curso, ademais da inclusión da aplicación de <i>AbalarMóbil</i>, correo electrónico do mestre tutor, páxina <i>web</i> do centro e vía telefónica. Valórase a inclusión dunha ferramenta para vídeo chamadas cas nenas e nenos. As tarefas, colgadas semanalmente na <i>web</i> do centro e notificadas por <i>AbalarMóbil</i>, tamén se colgan a diario na aplicación de <i>ClassDojo</i>, onde se responde a dúbidas, dáse <i>feedback</i> diario, alento, etc. Tendo, cada nena e neno, un <i>portfolio</i> de traballo. Ademais, tamén se poden achegar tarefas e dúbidas ó correo electrónico do mestre.</p> <p>En canto o alumnado sen conexión, proporciónaselle o material en físico no seu domicilio e mantense contacto semanal por teléfono tanto con familia como con alumnado.</p>
Materiais e recursos	<p><i>ClassDojo</i> e os seus <i>portfolios</i>, historias e mensaxes, libros de texto, fichas de reforzo de diversas editorial, continuación de <i>gamificación</i> por vídeo, <i>Google Drive</i>, <i>Youtube</i> e diferentes ferramentas de vídeos educativos como <i>EduClan</i> ou <i>HappyLearning</i>, diversas aplicacións para tabletas, etc. Intentando atender a todos os ritmos e estilos de aprendizaxe das nenas e nenos e baseando as tarefas, tal e como dita a programación xeral na que se basea esta adaptación, no Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA).</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A información contida neste documento será trasladada ás familias por medio da páxina web do centro e por medio dun aviso en abalarMóvil cando estea dispoñible na web. Para calquera dúbida ou aclaración do documento estaremos dispoñibles por medio de correo electrónico, abalarMóvil e, de ser necesario, vía telefónica.
Publicidade	Publicarásese este documento na páxina web do centro.